

Símbolos, estandartes

Ensaio O priscilianismo torna neste ensaio símbolo da Igrexa galega

Un dos seus últimos libros, *A creación do sagrado*, Walter Burkert, profesor de historia da relixión e filosofía grega na Universidade de Zurich, pregúntase polo mantemento do fenómeno relixioso no mundo actual: “Mentres que arredor de nós xeracións enteiras medran de feito sen relixión, as forzas relixiosas manteñen unha teimosía e un ímpeto inesperados, até chegar a ser perigosas e mesmo desastrosas. (...) A relixión aínda goza de gran creto moral e, non obstante, semella totalmente problemática, un desafío á razón tanto na teoría como na práctica, como foi sempre”.

O que para Walter Burkert é un desafío á razón, para Victorino Pérez Prieto sería, en todo caso, só un reto a unha maneira restritiva de entender a razón: a da racionalidade positiva, a que se expresa mediante a lóxica da non contradición, a do coñecemento claro e distinto de Aristóteles ou Descartes; a razón hexemónica, segundo Pérez Prieto, do “pensamento occidental-europeo-contemporáneo”, a razón “da ciencia e do poder”. Porque para o autor de *Prisciliano na cultura galega*, a racionalidade inclúe unha dimensión simbólica, unha “verdade metafórica”, como diría Paul Ricoeur, que vai alén do dato empírico e mesmo da realidade histórica. O símbolo fronte o signo. Para uns, a expresión da unidade de todas as dimensións do humano; para outros, a físgoa hermenéutica por onde asoma, travesido, o discurso relixioso.

Creo que é precisa esta introdución esquemática para situar o libro *Prisciliano na cultura galega*. Un símbolo necesario que edita Galaxia na colección Ensaio. Porque máis alá dun achegamento rigoroso á figura de Prisciliano, cun demorado ma-

Prisciliano na cultura galega ·
Victorino Pérez Prieto ·
Galaxia, 2010 ·
336 páx · 26,20 euros



nexo da ampla bibliografía sobre o mártir de Tréveris, e unha análise pormenorizada da pegada de Prisciliano e o priscilianismo na cultura galega, desde a Alta Idade Media até a actualidade, o libro de Victorino Pérez Prieto é a proposta dunha tarefa colectiva: redescubrir a dimensión simbólica da memoria mítica de Prisciliano e activala no presente como elemento fundamental do proceso de construción da identidade galega.

Pérez Prieto explora as múltiples e, ás veces, contraditorias imaxes que a tradición nos ofrece de Prisciliano: profeta contra o poder, asceta, herexe, líder carismático, libertino, reformador relixioso... E no seu ronsel, as figuras de Exería, Baquiaro, Idacio da Limia, bispo de Chaves, Toribio de Astorga, Paulo Orosio... algúns dos personaxes que protagonizan, segundo Xosé Eduardo López Pereira, “o primeiro despertar cultural de Galicia”.

Proba do interese que suscita Prisciliano e o priscilianismo no marco dos estudos sobre a antigüidade tardía é que, coincidindo coa publicación deste libro de Victorino Pérez Prieto, a Oxford University Press editou a tradución ao inglés, acompañada dun estudo introdutorio e dunha documentada análise textual, a cargo do profesor Marco Conti, dos manuscritos atribuídos ao propio Prisciliano e aos seus discípulos descubertos por Georges Schepss a finais do século XIX na Biblioteca de Würzburg, en Babiera.



Carpideiras nunha abadía do camiño xacobeo // Anónimo

En todo caso, non é este Prisciliano, o teórico e doutrinario, o que interesa de maneira preferente a Victorino Pérez Prieto no libro que comentamos. Impórtalle aquilo que coñecemos de Prisciliano ou que se transmitiu por medio da memoria mítica do priscilianismo que se poida activar na actualidade como símbolo necesario na construción da identidade nacional galega (e tamén, en paralelo, dunha “Igrexa galega”, dun cristianismo “que quere ser fiel ás raíces de Galiza: un pobo, unha terra e unha fala”). A defensa da lexitimidade desta proposta (a auténtica tese do libro, que se expresa como tarefa e consigna) impregna cada páxina deste volume e anticipa o perfil do lector ou lectora á quen vai dirixido.

Outra das teses centrais do libro é que o priscilianismo (ou o que sexa que a sociedade rural galaica da Alta Idade Media asumiu como tal) cadrou de tal forma coa relixiosidade popular, canalizada polo cristianismo, que a súa pegada se mantivo, se ben agachada ou inconsciente, pero viva, ao longo dos séculos. Ou non tan inconsciente. O entusiasmo do autor lévaos mesmo a propoñer “facer un traballo sociolóxico no pobo, preguntándolle por Prisciliano e o priscilianismo”. En todo caso, para Pérez Prieto, a principal característica desta relixiosidade galega, de orixe pagá, sería “a sacralización da terra”, unha especie de “teofanía rural” ou con palabras de Vicente Risco, “un patriotismo vexetal” que nos vencella á “emoción sagra-

da dos primeiros avós celtas”. Este constituiría un dos elementos fundamentais desa “Igrexa galega”, espello e proxecto do movemento das “Romaxes de crentes galegos”, do que o autor é animador e partícipe a través da Asociación Irimia.

Non se esquece Pérez Prieto de comentar a teoría, defendida recentemente por Olivares Guillén e José Luís Barreiro Barreiro, do “transvase de personalidades” de Prisciliano ao apóstolo Santiago, da construción do mito xacobeo a partir da memoria mítica do bispo de Ávila. Unha hipótese sen dúbida suxestiva. O decapitado de Xerusalén ou o decapitado de Tréveris. Curioso destino dun pobo conminado a elixir como símbolo entre dous mártires sen cabeza. // **Anxo Quintela**

LINTEO
EDICIONES

Isaac Díaz Pardo,
Medalla de Ouro ao
Mérito das Belas Artes
do Ministerio de Cultura



“Déjame tumbarme en tu alfombra,
en tu colchón de paja -lo que tengas a mano-
porque la niña en mí se esta muriendo, muriendo”

Poemas de Amor, Anne Sexton

Un dos 20 mellores libros
publicados no ano 2009*

*Babelia, El País, 26-12-09